

Concepción Arenal

“ABRIDE ESCOLAS E HAN PECHAR OS CÁRCERES”

Esta é a oración que se pode ler ao pasar pola praza de Concepción Arenal de Pontevedra, unha proclama que resume as inxerencias e personalidade de Concepción Arenal, pensadora humanista e feminista, intelectual e escritora de recoñecemento internacional que durante uns meses, entre 1889 e 1890, residiu na cidade de Pontevedra.

Concepción Arenal Ponte naceu en Ferrol o 31 de xaneiro de 1820, filla do militar Ángel Arenal Cuesta e de María Concepción Ponte Mandia Tenreiro, galega de familia aristocrática. Sendo unha nena, cando tiña 9 anos, a familia trasládase a Santander por causa do falecemento do seu pai, lugar do que el procedía. Alí accede a unha gran biblioteca onde Concepción alimentará o seu interese pola lectura e consolida os piares da súa cultura e formación posterior, fundamentalmente acadadas de forma autodidacta.

Tempo despois, sendo moza, marcha para Madrid, onde residirá boa parte da súa vida. Nesta cidade realiza os seus estudos básicos e, unha vez finalizados, asiste a aulas da carreira de Dereito. É probable que Concepción fose disfrazada de home a estas aulas, pois nesa altura as mulleres non podían acceder aos estudos superiores en España. Nestes anos universitarios coñeceu o avogado e escritor Fernando García Carrasco, que se converterá no seu marido en 1848. A Fernando únena, ademais da súa relación persoal, as inxerencias que comparten e, por



mediación del, Concepción comeza a escribir artigos no xornal *La Iberia*. Con 37 anos queda viúva e en pouco tempo falece tamén de forma prematura un dos seus fillos.

A partir deste momento, a situación económica da familia non será moi estable e deciden regresar a Cantabria. Traballou de funcionaria de prisións e exerceu un activismo convencido e razoado na defensa dos dereitos das mulleres, das persoas presas e das desfavorecidas. A súa vida estivo marcada pola súa ideoloxía liberal e pola defensa das súas ideas nun contexto en que a presenza da muller no espazo público era moi pouco frecuente. A súa actividade cultural e social foi intensa e foi protagonista de varios faladoiros, algo nada habitual na sociedade do século XIX.

No ano 1863 foi nomeada "visitadora de prisións de mulleres", posto que foi suprimido definitivamente dez anos despois. Uns anos antes, Concepción residiu na Coruña e asistiu aos faladoiros organizadas por Juana de Vega, a quen a unirá unha grande amizade e con quen promove a constitución dunha asociación chamada "As Magdalenas" que ten como actividade principal a de realizar visitas a mulleres presas.

Ademais do seu labor profesional, Concepción foi autora dunha ampla bibliografía, que xira, en liñas xerais, ao redor de tres temas principais: a cuestión social, a situación das persoas presas (con especial interese na das mulleres) e a cuestión de xénero. Esta extensa obra tivo unha gran repercusión, tanto no estado español como a nivel internacional, se ben ela nunca chegou a viaxar fóra do estado.

Unha pequena parte desta prolífica obra prodúcea en Pontevedra, cidade na que residiu uns meses entre os anos 1889 e 1890. A residencia familiar localizaríase no número 27 da rúa da Oliva, onde hoxe se pode contemplar unha placa que lembra este feito histórico e que fai referencia aos momentos de creación que a cidade lle inspirou: [...] *Concepción Arenal viviu e escribiu nesta casa a súa obra preeminente El visitador del preso en los años 1889 e 1890*. Neste momento Concepción era xa maior, andaba polos 70 anos, e o seu estado de saúde era delicado. A Pontevedra fora destinado por motivos de traballo o seu fillo Fernando, con quen residiría até o final dos seus días. Con todo, a pesar da avanzada idade e, sobre todo, da súa saúde, Concepción non cesou na súa actividade e reuniu na cidade un grupo de xente co que conformou un nutrido e animado faladoiro.

Na súa vivenda reuníanse, habitualmente cara á última hora da tarde, personalidades como o matrimonio formado por José Riestra e María Calderón Ozores; a familia Méndez Núñez; José Domínguez, axudante de Obras Públicas; os avoga-



dos Casto Sampedro e Augusto González Besada; os poetas Renato Ulloa e Heliodoro Fernández Castañaduy, entre outras.

De Pontevedra trasladouse a Vigo, onde faleceu o día 4 de febreiro de 1893.